

2.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 9: A raíña está maliña

Actividade 1

Enunciado: Completa as oracións cos verbos en presente.

ler estar comer tomar

- Marcos **le** un libro de aventuras.
- Vós **comedes** o bocadillo de xamón.
- Os papeis **están** enriba da mesa.
- Nós **tomamos** un pouco leite quente.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con corrección formas verbais en presente.	Comete un erro ao escribir formas verbais en presente.	Comete tantos erros como acertos ao escribir formas verbais en presente.	Comete máis erros que acertos ao escribir formas verbais en presente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe formas verbais en presente.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 2

Enunciado: Completa con g ou gu. Escribe unha oración con cada unha.

goma

guerra

meiga

anguía

- _____
- _____
- _____
- _____

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece o uso de g ou gu para representar o son g e aplícao correctamente.	Coñece con bastante corrección o uso de g ou gu para representar o son g e aplícao.	Coñece de forma básica o uso de g ou gu para representar o son g e cústalle aplicalo correctamente.	Non coñece o uso de g ou gu para representar o son g nin o aplica correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o uso de **g** ou **gu** para representar o son **g**.

Le e escribe palabras co son **g**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Completa as oracións coas palabras.

camareira tendeiro xardineira libreiro

- A **xardineira** está no parque plantando unhas flores.
- No comercio o **tendeiro** coloca o escaparate.
- O **libreiro** coloca os libros nos andeis.
- Agardei un pouco a que a **camareira** servira a mesa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece e emprega con corrección o vocabulario da unidade.	Coñece e emprega con bastante corrección o vocabulario da unidade.	Coñece de forma elemental o vocabulario da unidade e ten dificultades para empregalo.	Non coñece nin emprega con corrección o vocabulario da unidade.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e emprega o vocabulario da unidade.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 4

Enunciado: Risca a resposta correcta.

- Qué é un programa de actividades?

- O que poñen na tele cada día.
- Actividades organizadas temporalmente.
- Actividades que se fan na fin de semana.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica correctamente a información que presenta o programa de actividades.	Identifica con bastante acerto a información que presenta o programa de actividades.	Ten dificultades para identificar correctamente a información que presenta o programa de actividades.	Non identifica correctamente a información que presenta o programa de actividades.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica a información do programa de actividades.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Ditado.

Guillerme e Miguel levan postas unhas gorras iguais cun guerreiro pegado na viseira.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre escribe correctamente ao ditado e aplica a regra de uso do g ou gu para representar o son g .	Case sempre escribe correctamente ao ditado e aplica a regra de uso do g ou gu para representar o son g .	Ten dificultades para escribir correctamente ao ditado e aplicar a regra de uso do g ou gu para representar o son g .	Non escribe correctamente ao ditado nin aplica a regra de uso do g ou gu para representar o son g .

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe ao ditado.

Le e escribe palabras co son **g**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 6

Enunciado: Subliña o refrán.

- Cría fama e deita na cama.
- Brilla no ceo de noite pero polo día non.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre recoñece refráns.	Case sempre localiza refráns correctamente.	Cústalle recoñecer o refrán.	Non recoñece o refrán.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece refráns.

Le de forma comprensiva e expresiva un texto escrito.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 7

Enunciado: Rodea os verbos.

Lois **quenta** auga e **desfai** o lévedo, **bota** a auga na fariña cun pouco sal e **amasa**. **Dálle** forma de bóla e **métea** no forno.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os verbos dun texto.	Comete menos de dous erros ao identificar os verbos dun texto.	Comete entre tres e catro erros ao identificar os verbos dun texto.	Comete máis de catro erros ao identificar os verbos dun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica verbos en presente.

Le de forma comprensiva e expresiva un texto escrito.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 8

Enunciado: Escribe unha oración con cada un destes verbos en presente.

ler

comer

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe con corrección oracións con formas verbais en presente.	Escribe con bastante corrección oracións con formas verbais en presente.	Ten dificultades para escribir con corrección oracións con formas verbais en presente.	Non escribe con corrección oracións con formas verbais en presente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe formas verbais en presente.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 9

Enunciado: Completa o cadro con palabras con ga, go, gu e gui, gue.

ga, go, gu	gue, gui
Resposta libre.	

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece o uso de g ou gu para representar o son g e aplícao correctamente.	Coñece con bastante corrección o uso de g ou gu para representar o son g e aplícao.	Coñece de forma básica o uso de g ou gu para representar o son g e cústalle aplicalo correctamente.	Non coñece o uso de g ou gu para representar o son g nin o aplica correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o uso de **g** ou **gu** para representar o son **g**.

Le e escribe palabras co son **g**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 10

Enunciado: Completa.

A persoa que apaga incendios é **un bombeiro** a que serve mesas é **un camareiro** se dá clases é **mestre** e cando estás enfermo vas ver ao **médico/doutor**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece e emprega con corrección o vocabulario da unidade.	Coñece e emprega con bastante corrección o vocabulario da unidade.	Coñece de forma elemental o vocabulario da unidade e ten dificultades para empregalo.	Non coñece nin emprega con corrección o vocabulario da unidade.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e emprega o vocabulario da unidade.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor